

Memoria **xustificativa** e **económica** dun **convenio** de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o **Concello de Valga** para a execución do proxecto denominado **Substitución da cuberta para a mellora da eficiencia enerxética da Casa da Cultura**

## 1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia ( DOG núm. 119, do 23 de xuño), en relación co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

## 2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello de Valga un convenio para a execución do proxecto denominado Substitución da cuberta para a mellora da eficiencia enerxética da Casa da Cultura.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.



Para tal fin, mediante a Orde do 29 de decembro de 2022 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

### **3. Finalidade**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Valga instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

### **4. Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Valga para a execución do proxecto denominado Substitución da cuberta para a mellora da eficiencia enerxética da Casa da Cultura.

### **5. Fundamentos do convenio**

O Concello de Valga manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto denominado Substitución de cuberta para a mellora da eficiencia enerxética da Casa da Cultura que ten como obxecto a substitución das chapas metálicas existentes por paneis de aceiro mediante chapa pregada e acabado prelacado, xunto co rastrexo do mesmo, a colocacións de canelóns e un illamento axeitado.

Recentemente o edificio da Casa da Cultura do Concello de Valga está a sufrir graves problemas de humidade e condensación por mor das filtracións de auga que teñen a súa orixe na cuberta deste edificio e que está afectado ao falso teito, do que xa caeron algunhas placas, as portas, moi danadas, ao chan, as tubarías da calefacción e as instalacións eléctricas

Esta grave situación está provocando danos estruturais e afecta de maneira notoria a seguridade dos usuarios impedindo o desfrute e funcionamento do edificio

Polas razóns expostas é urxente para o Concello afrontar de maneira inmediata as obras necesarias de substitución da cuberta actual da Casa da Cultura, obras que permitirán a posta en funcionamento do edificio e mellorarán a súa eficiencia enerxética.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal se poida acoller este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración



local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Valga de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; así mesmo, correspóndese con actuacións financiadas de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 Outras actuacións específicas de protección do ambiente.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo Concello de Valga e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Valga.

## 6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de SETENTA MIL EUROS (70.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.141A.761.1 (C.P. 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 98,38% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 71.151,32 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

## 7. Memoria económica (Instrución núm. 3 da IXCA)

Para os efectos do requirido na comprobación a) da Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno respecto destas, este gasto ten natureza de investimento, e ten un orzamento total de 71.151,32 € tal e como se consigna no cadro 1.1. Cadro xeral incluído no anexo I da devandita instrución:



Cadro xeral 1.1		
Orzamento desagregado por actividades e tipoloxía de gasto		
Descrición	Tipoloxía de gastos subvencionables	Importe
Substitución da cuberta para a mellora da eficiencia enerxética da Casa da Cultura	Obras	58.802,74 €
<b>Prezo</b>		<b>58.802,74 €</b>
IVE ( 21%)		12.348,58 €
<b>Orzamento total</b>		<b>71.151,32 €</b>

O proxecto subvencionado non inclúe gastos de persoal, non se trata de gastos recorrentes nin o orzamento se referencia a prezos unitarios, polo que non procede a inclusión dos cadros 1.2. Detalle cadro de persoal, anexo II – modelo cadro orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes nin anexo III – cálculo do orzamento con prezos unitarios.

Con respecto ao punto e) da instrución da Instrución núm. 4 da IXCA, insírense os datos requiridos no cadro do anexo IV – Modelo cadro de fitos e obxectivos:

Plan estratéxico	Planificación de fondos europeos	Actividade	Indicador	Fito
PEG	N/A	Convenio co Concello de Valga para a substitución de cuberta para a mellora da eficiencia enerxética da Casa da Cultura	P0076F - Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos	1

Por último, para dar cumprimento ao requirimento da letra f) da instrución da IXCA, procédese a territorializar a concesión da subvención que se instrumentará mediante o convenio que nos ocupa:

Provincia	Entidade beneficiaria	Importe proposto para concesión
Pontevedra	1	70.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>70.000,00 €</b>

## 8. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E4, "Cohesión social e territorial"
- Prioridade de actuación PA04, "Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única"
- Obxectivo estratéxico E01, "Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial"



- Obxectivo operativo 0002, "Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe"

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, conséntase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 201500168 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*, é o P00076/Entidades beneficiadas, cun valor previsto de 21 entidades.

Estímase que, coa subscripción deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 1 entidade beneficiada, que se corresponde co Concello de Valga, único destinatario da subvención instrumentada mediante o convenio que nos ocupa :

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	21	1

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica, do Equipo de Axudas de Estado da Consellería de Facenda e Administración Pública e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso  
(*documento asinado electronicamente*)

